

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO ANO 2019

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 5 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E CLUBS DEPORTIVOS SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO ANO 2019

BDNS(Identif.):448848

De conformidade có previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

1. Beneficiarios:

Asociacións e clubs deportivos da provincia de Pontevedra que carezan de fins de lucro, estean ao corrente coas obrigacións tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Galega, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial e non estean incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

2. Obxecto

Subvencións destinadas ao apoio ás entidades e clubs deportivos sen ánimo de lucro na realización de actividades deportivas no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, durante ou ano 2019.

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 5 de abril de 2019, Lei 38/2003, xeral de subvencións, Regulamento da lei xeral de subvencións (R.d. 887/2006, de 21 de xullo) e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e demais lexislación de aplicación.

4. Contía

500.000,00€



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

5. Prazo de Presentación

1 mes, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria das bases e do extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

6. Outros datos de interese

— Solicitudes e documentación: Cada entidade só poderá presentar a solicitude por unha única actividade deportiva, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base sexta.

— As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

— Criterios de valoración: os establecidos na base novena da convocatoria.

— Gastos subvencionables: os necesarios para o desenvolvemento da actividade subvencionada, consistente na organización do devandito evento.

— Compatibilidade : Si

— Forma de pago: Transferencia

— Forma de xustificación: mediante a presentación da conta xustificativa, facturas e presentación de memoria, nos termos previstos na base décimo primeira da convocatoria.

— Prazo máximo de xustificación: 31 de marzo de 2020.

Pontevedra, 05/04/2019

A Presidenta.—M^a del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 02P075WQWRW1LQ

